

DECRETO CONVOCATORIA XGL, EXP. Nº: 2025/G005/000049.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **10 de decembro de 2025, ás 10.00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA AGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS NA RÚA XOÁN MONTES, NÚMEROS 7-9.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

PERSOAL

2. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA, COA CATEGORÍA DE INSPECTOR PRINCIPAL DE POLICÍA LOCAL, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

3. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE AUXILIAR DE SECRETARÍA DE ALCALDÍA.

FOMENTO

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO-MARCO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE LUGO E O IES FRANCISCO DAVIÑA REY PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN EMPRESA.

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2025.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIs) PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN E NO MERCADO MUNICIPAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, E DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/nmf

Ref: 25decreto102

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-12-2025

ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/G004/000044.

7. RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES NO CONTRATO DE SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO. LOTE 2 ROZA EN PARROQUIAS NA ZONA LESTE E LOTE 3 ROZA EN PARROQUIAS NA ZONA SUR.

8. CONVOCATORIA DE CONSULTAS PRELIMINARES DE MERCADO PARA A CONTRATACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE DATOS NO CONCELLO DE LUGO (EXP. 2025/C005/000016)

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

SERVIZOS SOCIAIS

9. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN SOCIAL GALICIA E APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN (EXERCICIO ECONÓMICO 2025).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se lles comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.